

VOCABULARIO DE HISTORIA DE ESPAÑA - ABAU

TEMA 1. DA PREHISTORIA AO FINAL DO REINO VISIGODO

Economía predadora: Tipo de actividade humana na que se obteñen e consumen os recursos da natureza sen xerar produción. É característica das sociedades paleolíticas ou pre-agrícolas nómades ou seminómades nas que a recolección de froitos silvestres, a caza, a pesca e o marisqueo son as actividades que permiten ao grupo obter os alimentos e os recursos para o vestido e a construción das vivendas.

Megalitismo: Literalmente significa “grandes pedras” (do grego “mega” –grande- e “litos” –pedra-), termo que fai alusión ás construcións arquitectónicas formadas por grandes pedras chamados megálitos. Os tipos básicos son: o *menhir* ou pedrafita (un monólito fincado no chan verticalmente), o *crómlech* (menhires formando un círculo) e o *dolmen* ou anta (sepulcros formados por unha cámara que pode estar precedida dun corredor). Corresponden a unha ampla cronoloxía que vai desde finais do Neolítico ata a Idade do Bronce.

Castro: Poboado fortificado (murallas, parapetos, terrapléns, foxos) prerromano no que se asentaron poboacións indíxenas na Meseta norte e no noroeste peninsular, onde da nome á cultura castrexa. Son moi numerosos os conservados na actual Galicia, caracterizados pola súa planta redondeada e un urbanismo irregular no que as construcións, especialmente as vivendas, teñen tamén formas redondeadas. Os castros poden ocupar cumios de outeiros, ladeiras de montañas, penínsulas ou estar situados en zonas chairas. Os máis antigos datan da Idade do Bronce, aínda que alcanzaron o máximo desenvolvemento na Idade do Ferro e algúns deles perduraron ata a Idade Media.

Guerras cántabras: Enfrontamentos bélicos entre os romanos e os pobos do norte peninsular (cántabros, ástures e galaicos) que supuxeron a finalización da conquista romana da península ibérica. Tiveron lugar entre os anos 29 e 19 a.C. e estiveron dirixidas polo emperador Augusto. A lexendaria batalla de Monte Medulio (ano 25 a.C.) puxo fin á resistencia dos galaicos.

Bárbaros. Denominación xenérica dada polos gregos e romanos aos pobos situados fóra do ámbito da súa civilización e que non falaban a súa lingua. Durante o Imperio romano o termo tomou un sentido pexorativo empregándose para designar os pobos de costumes primitivas que ameazaban coas súas incursións as fronteiras do mundo romano. Tras a crise do século III os emperadores pactaron con algúns destes pobos e vinculáronos como aliados (*foederati* ou federados). A Península Ibérica foi invadida por suevos, vándalos e alanos a comezos do s. V (411) e para frealos o emperador chamou a un dos pobos federados, os visigodos, que entraron na península para expulsalos. No 476 os ostrogodos conseguiron tomar Roma e depoñer ao derradeiro emperador romano de occidente.

Conventus: No imperio romano inicialmente eran asembleas conxuntas de romanos e indíxenas que evolucionaron ata converterse en unidades administrativas (recadación de impostos, recrutamento de tropas) e xurídicas (regularización de preitos, realización de contratos) dentro das provincias romanas. Unha cidade actuaba como capital do *conventus* e dáballe nome, pero o seu territorio non estaba definido xuridicamente, polo que os seus límites eran imprecisos. A actual Galicia correspóndese, basicamente, co *conventus lucensis* que, xunto cos *conventus asturicense* (*Astúrica Augusta*: Astorga) e *bracarense* (*Bracara Augusta*: Braga) integraba a Gallaecia romana.

Aula regia. Organismo político que asesoraba ao monarca nos asuntos políticos, militares, lexislativos e xudiciais do reino visigodo de Toledo. Nos seus comezos estaba formada por cortesáns e servidores do rei, pero desde o século VI asistían tamén as principais personalidades do reino, nobres e bispos. Tendo en conta que a monarquía era electiva, a función deste organismo era fundamental porque tamén interviña na designación dos monarcas.

Bloque 2 A ESPAÑA MEDIEVAL

Mozárabe: Cristián sometido aos musulmáns en al-Ándalus. A cambio de conservar a súa fe e os seus costumes tiñan que pagar elevados impostos polo que moitos foron desprazándose cara ao norte aos territorios controlados polos reis cristiáns ou foron converténdose ao Islam (*muladí*s). En cidades como Toledo, Córdoba e Sevilla perduraron

importantes comunidades, que sempre residiron en barrios diferenciados dos musulmáns.

Marca hispánica: Territorio ao sur dos Pirineos controlado nos séculos VIII e IX polos emperadores e reis dos francos que formaba a fronteira entre o imperio carolinxio e al-Ándalus. A Marca hispánica foi creada polo emperador Carlomagno para frear a expansión musulmá. O seu obxectivo era conquistar o val do Ebro, pero fracasos como o da batalla de Roncesvalles (778) obrigárono a limitar o seu dominio á zona pirenaica ¹. Estivo gobernada por condes designados polos monarcas francos, pero ao longo do século IX os condes foron adquirindo unha crecente autonomía ata crear condados e reinos independentes como os de Navarra, Aragón e os condados catalanes.

Taifas: Reinos que xurdiron da desmembración do califato de Córdoba en 1031. Estaban dominados polas oligarquías locais ou polos xefes militares das principais cidades de al-Ándalus. Enfrontados entre si, as fronteiras fluuaban e o seu poder foi cada vez máis débil, sendo incapaces de facer unha fronte común ante os ataques cristiáns (aos que frecuentemente deberon pagar fortes tributos denominados *parias*). Ante estos ataques buscaron o apoio de almorábides e almoades, que as conquistaron e incorporaron os seus imperios. Rexurdiron á disolución dos mesmos. O derradeiro reino taifa foi o de Granada, conquistado en 1492 polos Reis Católicos o que puxo fin á Reconquista.

Manso: Unidade de explotación familiar (casa e terras de cultivo) que o señor feudal cedía en usufruto a un colono libre ou a un servo a cambio de certas prestacións en traballo e censos (pago de rentas) . Os *mansos* xunto coa *reserva señorial* (terras directamente explotadas polo señor xeralmente mediante as prestacións en traballo de colonos e servos) constituían os elementos básicos de explotación dos feudos na alta Idade Media.

Presura (ou Aprisio): Forma inicial de repoboación organizada polos cristiáns a partir de finais do século VIII para ocupar as terras ermas, pouco poboadas ou que se ían reconquistando aos musulmáns. Os reis autorizaban a establecerse nun determinado territorio, que pasaba a ser propiedade de quen o ocupase e explotase. Houbo dúas modalidades: a oficial, desenvolvida polo rei ou polos seus delegados, e a privada, efectuada por nobres, eclesiásticos ou familias de campesiños libres.

Carta de poboamento (ou Carta Puebla): Documento polo que os reis (e algúns

¹ Comprendía inicialmente os condados de Pamplona, Aragón, Sobrarbe, Ribagorza, Pallars, Urxel, Cerdaña, Besalú, Ampuries, Vic, Xirona e Barcelona.

grandes señores laicos e eclesiásticos) concedían na época medieval privilexios *forais* a quen se establecese en determinados lugares ou cidades coa finalidade de atraer poboación e repoboar os territorios que estaban despoboados ou que se íanreconquistando aos musulmáns. En Galicia, os monarcas Fernando II e Afonso IX foronos que máis potenciaron a fundación ou repoboación de núcleos urbanos concedendo numerosos privilexios aos seus habitantes.

Mesta: Organización dos gandeiros do reino de Castela fundada en 1273 polo rei Alfonso X. Estaba rexida polo Honrado Concello da Mesta, que chegou a ser unha poderosa institución ao servizo dos grandes gandeiros e da propia Coroa, que se beneficiaba das taxas pagadas pola exportación da lã. Regulaba a trashumancia da gandería (principalmente ovina) a través das *cañadas reais*. Os privilexios dos gandeiros orixinaron numerosos conflitos cos agricultores ata que a Mesta foi abolida en 1836.

TEMA 3 A MONARQUÍA HISPÁNICA

Converso. Persoa que acepta unha crenza relixiosa ou ideoloxía diferente á que profesaba. Na España dos séculos XVI e XVII aplicábase especialmente aos musulmáns e xudeus que se convertían ao cristianismo, ben por convicción, ben para evitar persecucións. O aumento do número de conversos agravou o odio popular contra estes novos cristiáns, acusados de converterse falsamente e manter en segredo a súa fe (eran os chamados xudaizantes e os mouriscos). Moitos deles foron perseguidos por este motivo polo tribunal da Inquisición.

Grande Armada. Gran flota formada por Felipe II en 1588 para desembarcar en Inglaterra e destronar á raíña protestante Isabel I. A Grande Armada partiu do porto de Lisboa, e tras recalar na Coruña, arribou ao Canal da Mancha onde debía encontrarse e embarcar aos Terzos de Flandres para despois invadir Inglaterra. Os ataques ingleses e fundamentalmente os temporais obrigaron ás naves a dar a volta rodeando as illas Británicas. Nesa traxectoria moitos dos barcos naufragaron. Dos 130 navíos que partiron regresaron 66 e dos 25.000 homes unicamente uns 10.000 puideron salvarse. Tras a derrota, os ingleses denominárona sarcásticamente como a *armada invencible*.

Mourisco. Poboación musulmá dos reinos hispánicos que se converteu ao cristianismo

para permanecer no país. A conversión forzosa significou a fin oficial da poboación musulmá en España, pero moitos deles continuaron mantendo a súa lingua, vestimentas e costumes, especialmente os que vivían no territorio do reconquistado reino de Granada. A minoría mourisca era rexeitada pola poboación, que consideraba falsa a súa conversión ao cristianismo e, por iso, era catalogada como posible aliada dos piratas berberiscos e turcos. Os mouriscos das Alpuxarras granadinas subleváronse en 1568 contra o trato discriminatorio que recibían e, tras unha guerra atroz, foron expulsados de Granada en 1570. En 1609 Filipe III ordenou a completa expulsión dos mouriscos dos seus reinos, con graves consecuencias para Aragón e Valencia donde se despoboaron numerosas comarcas nas que o traballo desta poboación era fundamental na artesanía e na agricultura.

Terzos. Unidade militar de infantería, de ataque e defensa, formada por soldados profesionais, voluntarios o de recrutamento, creada e sostida polos monarcas españois da casa de Austria durante os séculos XVI e XVII. Loitaban combinando as armas brancas (picas, espadas) e as de fogo (arcabuces, mosquetes). Estaban distribuídos polos distintos reinos e provincias da Monarquía Hispánica, destacando, polo seu número e fama, os Terzos de Flandres (actuais Holanda e Bélxica).

Unión de armas. Proxecto político elaborado en 1625 polo *valido* de Felipe IV, o conde-duque de Olivares, no que propoñía o reparto da carga militar e fiscal da defensa, que ata entón recaía principalmente sobre Castela, entre todos os reinos da Monarquía Hispánica. O novo exército permanente estaría formado por 140.000 soldados achegados polos distintos reinos en función da súa poboación e riqueza. Estas reformas inscribíanse nun plan máis amplo que pretendía unificar politicamente o imperio e crear unha estrutura centralizada do Estado, máis fácil de gobernar. O proxecto suscitou unha forte oposición dos distintos reinos, celosos das súas prerrogativas forais, e fracasou pola rebelión de Cataluña e Portugal.

Valido. Secretario real ao que o soberano outorgaba a súa confianza e a dirección do goberno do reino. En España, como noutros reinos europeos, a privanza xeneralizouse no século XVII, cando os monarcas abandonaron o exercicio directo do goberno. Entre os validos destacaron os duques de Lerma e de Uceda no reinado de Filipe III, o conde-duque de Olivares e Luis de Haro no de Filipe IV e Fernando de Valenzuela e o conde de Oropesa no de Carlos II.

Xuntas do Reino de Galicia. Institución creada no século XVI que actuaba como portavoz das sete provincias de Galicia e, desde 1528, como representación do Reino de Galicia. Estaban formadas polos delegados (*procuradores*) dos concellos das cidades capitais das provincias e actuaban como un organismo intermediario entre o Reino de Galicia e a Coroa de España transmitindo por un lado as peticións da monarquía e por outro as demandas da sociedade galega, principalmente das élites urbanas. Non tiñan funcións de goberno pero podían conceder diñeiros ao monarca, ordenar levas militares, distribuír cargas fiscais ou enviar informes e peticións ao rei. As Xuntas eran convocadas polo monarca, normalmente cando necesitaba aumentar impostos ou facer levas desoldados, e estaban presididas polo Capitán Xeral de Galicia. Un dos asuntos máis discutidos foi a demanda do voto de Galicia nas cortes de Castela, que non se conseguiu ata 1623.

TEMA 4 O SÉCULO XVIII: REFORMISMO BORBÓNICO E ILUSTRACIÓN

Antigo Réxime: Sistema político, económico e social que se iniciou en Europa no século XVI e que acadou a súa plenitude no século XVIII. Caracterizouse por unha economía de base agraria, a pervivencia das estruturas feudais, a sociedade estamental baseada nos privilexios dunha minoría e a monarquía absoluta como forma de goberno. Estes trazos foron desaparecendo como consecuencia dos cambios introducidos pola Revolución Francesa.

Catastro de Ensenada: Primeiro censo moderno do reino de Castela (excluindo as provincias forais vascas) sobre a poboación e as propiedades dos veciños (catastro) realizado entre 1750 e 1753. O Secretario de Despacho de Fernando VI, marques da Ensenada, pretendía reformar a facenda substituindo os impostos tradicionais por unha *contribución única* sobre o patrimonio. Neste catastro buscouse realizar un control de todos os súbditos, incluso dos estamentos privilexiados, polo que cada individuo declaraba as súas propiedades divididas en parcelas e o contido das mesmas. Non se aplicou posto que foi rexeitado pola nobreza.

Decretos de Nova Planta: Conxunto de decretos promulgados por Felipe V, entre 1707 e 1716 que impoñían, nos territorios da Coroa de Aragón (Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña), a organización político-administrativa de Castela, eliminando os seus privilexios forais, leis e institucións debido á súa rebelión na Guerra de Sucesión por ter

tomado partido por Carlos de Austria. Permitiron a implantación dun modelo de estado centralista pois os reinos da Coroa de Aragón convertéronse en provincias gobernadas por un capitán xeneral e todo o territorio da monarquía española pasou a ter un sistema de goberno uniforme, coa soa excepción de Navarra e as Provincias Vascas que, polo seu apoio a Felipe V, puideron conservar os seus *foros*.

Despotismo Ilustrado: Medidas implantadas por algúns monarcas europeos durante a segunda metade do século XVIII, que pretendían reformar e racionalizar a administración, modernizar a economía do país e fomentar o desenvolvemento educativo e cultural da poboación sin alterar as bases sociais (sociedade estamental) e políticas (absolutismo) do Antigo Réxime. Pretendían facer unha síntese entre o absolutismo e as novas ideas da Ilustración. O seu lema foi *“todo para o pobo, pero sen o pobo”*. En España o mellor expoñente do despotismo ilustrado foi o rei Carlos III, aínda que as súas reformas foron de carácter limitado.

Motín de Esquilache: Revolta popular acontecida en Madrid en 1766 contra as medidas que pretendían mellorar a orde pública e a seguridade na capital promulgadas polo ministro de Carlos III, o marqués de Esquilache, de orixe italiano. O motín tivo como comodetonante a publicación dun bando que prohibía o uso da capa longa e o sombreiro de aba ancha (xa que permitían ocultar de noite a identidade e as armas). Tras as revoltas hai unhas causas profundas: crise de subsistencia (descontento social pola carestía do pan), a xenofobia ante a abundancia de ministros italianos e a oposición ás medidas reformistas da coroa por parte da nobreza e o clero.

Paz de Utrecht: Tratado asinado en 1713 entre as potencias europeas que puxo fin á Guerra de Sucesión española e que foi complementado co de Rastatt de 1714. Estes acordos estableceron en Europa un novo sistema de relacións internacionais baseado no equilibrio entre as grandes potencias europeas. Nos tratados Felipe V de Borbón foi recoñecido como rei de España (tras ter renunciado aos seus dereitos ao trono francés) a cambio de concesións a Gran Bretaña (Xibraltar, Menorca e privilexios comerciais con América) e cesións territoriais a Austria (Flandres e Nápoles) e Saboia que supuxeron que España perdera as súas posesións europeas.

Regalismo borbónico: Política de control e limitación do poder da igrexa católica levada a cabo polos Borbóns na España do século XVIII no marco da potenciación do absolutismo real. Esta política defendía a superioridade da autoridade dos reis sobre a da

Igrexa no territorio sobre o que reinaban. Entre outras medidas impuxeron o *padroado rexio* ou dereito do rei de presentar ou nomear candidatos para ocupar sedes eclesiásticas vacantes (recoñecido polo Concordato de 1753) e o *placet* ou dereito do rei a autorizar a publicación e divulgación dos escritos papais no propio reino. A medida regalista máis radical foi a expulsión dos xesuítas e a confiscación de todos os seus bens en 1767, durante o reinado de Carlos III, que tiñan un voto de obediencia directa ao Papa, basándose na acusación de que promoveran unha conspiración política instigando o motín de Esquilache.

TEMA 5 A CRISE DO ANTIGO RÉXIME E A REVOLUCIÓN LIBERAL

Abdicacións de Baiona: Nome polo que se coñecen as renuncias sucesivas que tiveron lugar o 5 de maio de 1808 dos reis Carlos IV e do seu fillo Fernando VII ao trono de España en favor de Napoleón Bonaparte na cidade francesa de Baiona (donde foran convocados tras os sucesos do *motín de Aranjuez*). O emperador francés, pouco despois, cederá tales dereitos ao seu irmán Xosé Bonaparte, que reinará como Xosé I. Este é un dos acontecementos que dará inicio á Guerra da Independencia española.

Afrancesados: Nome de carácter pexorativo co cal se coñece en España a unha minoría de partidarios da ocupación francesa da península Ibérica durante a guerra da independencia e que respaldaron a política reformista de Xosé I Bonaparte. Moitos deles tiñan ideas ilustradas ou liberais e consideraban que esta era a única posibilidade de lograr a renovación e o cambio en España. A obra máis destacada deste grupo foi a *Constitución ou Estatuto de Bayona* de 1808. En 1814, unha vez rematada a guerra, serán perseguidos por Fernando VII e, acusados de traidores, moitos deberán exiliarse a Francia.

Manifesto dos Persas: Documento subscrito en 1814 por 69 deputados de tendencia absolutista participantes nas Cortes de Cádiz no que se solicitaba a Fernando VII, tras o seu retorno do exilio en Francia, a abolición dos decretos promulgados polas Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, así como a restauración do Antigo Réxime. O documento recibiu o seu nome por unha referencia que se contén, ao principio do mesmo, sobre os costumes que había en Persia no momento do cambio dinástico. O manifesto serviu de apoio a Fernando VII para, co decreto de Valencia de 4 de maio de 1814, restaurar o

poder absoluto do monarca e abolir toda a lexislación das Cortes de Cádiz “*coma se non pasasen xamáis tales actos*”

Pragmática Sanción de 1830: Disposición promulgada por Fernando VII que anulaba a coñecida como Lei Sálica, aprobada por Filipe V, que impedía acceder ao trono ás mulleres. Esta medida supuxo a exclusión do irmán do rei, o infante Carlos de Borbón, do trono de España, e converteu a filla de Fernando VII, a futura Isabel II, en herdeira o que motivará a primeira guerra carlista (Os partidarios de Carlos de Borbón non aceptaron a Pragmática e utilizaron a Lei Sálica para esixir a coroa española à morte do rei en 1833).

Pronunciamento: Levantamento de parte do exército, contando co apoio dun determinado sector da sociedade, que “*se pronuncia*” a favor do cambio do sistema político vixente². Foi empregado na España do s. XIX polas distintas faccións liberais paraderrubar un goberno ou facer presión sobre él para que adoptase reformas. Foron frecuentes os que defendían o liberalismo fronte ao absolutismo de Fernando VII e os que defendían o liberalismo progresista fronte ao moderado no reinado de Isabel II.

Tratado de Valençay: Acordo de paz asinado en decembro de 1813 nesa cidade francesa polo que o emperador Napoleón Bonaparte aceptaba a suspensión das hostilidades, o retorno de Fernando VII ao trono de España, a devolución dos territorios ocupados e a renuncia de Xosé I. Produciuse como consecuencia das derrotas e o deterioro progresivo do exército francés. Tanto as tropas francesas como británicas debían abandonar España pois Napoleón buscaba que España se desvinculase de Inglaterra e non se sumase á guerra en territorio francés. Coa sinatura deste tratado deuse por concluída a Guerra da Independencia ou “*guerra do francés*”.

TEMA 6 O REINADO DE SABELA II (1833-1868)

Desamortización: Proceso legal que, previa expropiación, puxo en venda, en poxapública, os bens pertencentes á Igrexa (“*mans mortas*”) e aos concellos (*baldíos*, “*comúns*” e “*propios*”). Foi realizada principalmente na España do século XIX durante os

² Un xefe militar declarábase, mediante un *manifiesto* ou *bando*, partidario dunha determinada solución política, xeralmente contraria ao goberno de turno, e pedía apoio ao resto das guarnicións militares. De extenderse era acompañado por revoltas civís urbanas dos que apoiaban o cambio político. Se tiña éxito o pronunciamento cambiaba o goberno, e se non o tiña, o militar que se pronunciaba era detido e xuzgado por rebelión militar.

gobiernos progresistas por Mendizábal (1836, desamortización de bens do clero regular), Espartero (1841, desamortización de bens do clero secular) e Madoz (1855, desamortización xeral). Entre os seus obxectivos estaban: reformar a estrutura da propiedade da terra, obter recursos para a Facenda pública e ampliar o apoio á causa liberal.

Estatuto Real: Nome que recibe o Decreto de 1834 polo que a raíña rexente María Cristina de Borbón convocaba as Cortes do reino de España e co que se pretendía realizar concesións políticas aos liberais. Polo seu contido, considérase como unha “*carta outorgada*” xa que a Coroa renunciaba a manter en exclusiva o poder, admitindo unha ampliación da participación política en beneficio das clases posuidoras, pero conservaba en exclusiva a soberanía e non recollía a separación de poderes nin dereitos dos cidadáns. O carácter conservador do Estatuto Real provocou o rexeitamento da maior parte dos liberais, que reclamaban o retorno ao espírito de Cádiz, e tampouco contentou aos absolutistas que seguiron apoiando a causa carlista.

Sufraxio censatario e universal: O *sufraxio* é o dereito político que permite elixir mediante o voto aos cargos públicos. Foi introducido polo liberalismo ao longo do século XIX nas sucesivas constitucións. O *sufraxio censatario* limita este dereito só a unha parte da poboación que teña unhas características precisas (de ingresos económicos, posición social ou grao de educación), que lle permitan estar inscritas nun “*censo electoral*”; mentres que o *sufraxio universal* soamente establece como condición para votar a maioríade idade. En España, o sufraxio censatario foi defendido polos liberais e o universal polos demócratas. O sufraxio universal foi inicialmente só masculino ata que a Constitución republicana de 1931 estableceu o dereito de voto das mulleres.

Unión Liberal: Partido político de carácter liberal fundado en 1858 polo xeneral Leopoldo O'Donnell. Nel participarán, xunto con numerosos militares, os sectores máis progresistas que veñen do partido moderado e os máis moderados que proveñen do partido progresista. Era un partido de centro, sin unha ideoloxía concreta senon máis ben pragmático. Na práctica tratouse de crear un partido que estabilizase os distintos gobernos da segunda década moderada isabelina. Partidarios da monarquía constitucional de Isabel II gobernaron de 1858 a 1863 e de 1865 a 1866, destacando na súa actuación política as campañas de prestixio militar que desenvolveron no exterior.

TEMA 7 O SEXENIO DEMOCRÁTICO (1868-1874)

Cantonalismo: Ideoloxía política de carácter republicano federal que tivo o seu auxe durante a Primeira República española principalmente en Cartaxena e noutras localidades do Levante e Andalucía. Defendía a creación dun Estado composto por unidades políticas territoriais soberanas –os cantóns- que mediante acordos libres (“de abaixo arriba”) se unirían formado a federación española. En 1873, durante a Primeira República, os seus partidarios protagonizaron insurreccións cantonalistas, destacando a de Cartaxena, que foron sufocadas polo exército.

Manifesto de Sandhurst: Documento de carácter político elaborado polo político conservador Antonio Cánovas del Castillo e asinado, en decembro de 1874, por Alfonso de Borbón, fillo e herdeiro de Isabel II, na academia militar inglesa de Sandhurst, onde estudiaba. Neste manifesto indicaba a necesidade de restaurar a monarquía borbónica en España, presentándose como un rei partidario da monarquía parlamentaria, respectuoso co sistema liberal constitucional e defensor da orde social e a relixión católica. Días despois da publicación do manifesto en España o xeneral Martínez Campos realizou un pronunciamento militar en Sagunto, proclamando rei a Alfonso.

TEMA 8 A MONARQUÍA DA RESTAURACIÓN

Caciquismo: Práctica política que en España controlaba as eleccións grazas á figura do *cacique*, persoa que dominaba o poder local e controlaba os votos do seu territorio valéndose do seu poder económico, status social ou influencias políticas utilizando, a maioría das veces, o uso de favores persoais a cambio do apoio a un candidato oficial. Este sistema foi implantado de forma xeneralizada no ámbito rural. O caciquismo fixo posible a fraude electoral masiva existente no sistema da Restauración borbónica, manipulando as eleccións continuamente dacordo coas autoridades, especialmente cos gobernadores civís das provincias.

Encasillado ou encadramento: Proceso polo que o ministro da Gobernación elaboraba a lista de candidatos que debían ser escollidos en cada distrito electoral, colocando nas cuadrículas correspondentes os nomes dos candidatos ministeriais e da oposición. A lista

era pactada polos dous partidos monárquicos e esta práctica garantía a quenda pacífica dos gobernos da Restauración borbónica. O sistema implicaba complexas negociacións entre representantes do Goberno e as diferentes forzas políticas locais dentro do sistema da quenda. A “orde” de quen debía ser elixido trasladábase aos gobernadores civís e estes, á súa vez, trasladábana aos caciques para así “asegurar” o resultado.

Pucheirazo: Dícese da manipulación dous resultados electorais, cambiando e amañando os resultados das votacións para gañar as eleccións. Consistía na substitución na urna electoral dos votos xa emitidos por outros favorables ao candidato que se desexaba que saíse elixido, ou na modificación das actas do recuento dos votos. Foi un dos métodos de manipulación electoral empregado durante a Restauración borbónica, para permitir o triunfo dun determinado candidato na alternancia pactada previamente entre o Partido Conservador e Partido Liberal, dentro do sistema de dominación política local (principalmente no rural) coñecido como caciquismo.

Rexeneracionismo: Corrente intelectual, política e literaria de finais do s. XIX e principios do s. XX que, partindo do análise dos problemas que padecía España e da crítica dos vicios do sistema da Restauración, se propuxo renovar e modernizar a vida política e económica do país. Xurdiu a partir do desastre de 1898 e o seu principal representante foi o aragonés Joaquín Costa que propugnaba acabar co caciquismo, reducir a pobreza e fomentar a educación. Na súa vertente cultural producirá a consolidación da “*xeración do 98*” e na súa vertente política conducirá aos proxectos de reforma do sistema da Restauración que tentaron aplicar á vida política de principios do XX dirixentes tanto do partido conservador (Maura) como liberal (Canalejas).

Sistema de quenda: Mecanismo de alternancia pacífica no poder vixente durante a Restauración borbónica. Baseábase no acordo tácito entre os dous partidos dinásticos, o Conservador e o Liberal, aceptando a sucesiva quenda no goberno. Tras ser designado polo rei, o presidente do partido que lle tocaba gobernar convocaba eleccións que sempre gañaba, empregando a fraude electoral e o caciquismo, co beneplácito do partido que lle tocaba estar na oposición. A consolidación da quenda ou alternancia pacífica tivo lugar en 1885 co Pacto do Pardo, cando Cánovas e Sagasta acordaron alternarse no poder co fin de asegurar á monarquía ante a o temor de que se producise un levantamento carlista ou republicano tras a morte do rei Alfonso XII.

TEMA 9 TRASFORMACIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS NO SÉCULO XIX

Agrarismo: Movemento reivindicativo de masas do campesinado galego a finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX. Este movemento organizou ao campesiñado en asociacións e sindicatos agrarios para lograr a supresión do sistema foral (redención dos foros), loitar contra o caciquismo, solucionar os problemas derivados do minifundismo e promover a renovación técnica do sector agrario galego. Destacaron as organizacións Solidariedade Galega (1907-12) e Acción Galega (1910-15), xunto co máximo líder desta, o crego ourensán Basilio Álvarez. Como consecuencia da mobilización a ditadura de Primo de Rivera promulgou en 1926 o decreto de redención de foros, que permitía aos campesiños converterse en donos das terras que cultivaban tras abonar as cantidades correspondentes aos propietarios dos foros.

Desamortización: Proceso legal que, previa expropiación, puxo en venda, en poxa pública, os bens pertencentes á Igrexa ("*bens de mans mortas*") e aos concellos (os denominados "*baldíos*", "*comúns*" e "*propios*"). Foi realizada principalmente na España do século XIX durante os gobernos progresistas por Mendizábal (1836, desamortización de bens do clero regular), Espartero (1841, desamortización de bens do clero secular) e Madoz (1855, desamortización xeral). Entre os seus obxectivos estaban: reformar a estrutura da propiedade da terra, obter recursos para a Facenda pública e ampliar o apoio á causa liberal.

Ludismo: Tamén denominado mecanoclastia. Forma de protesta dos traballadores, xurdida en Inglaterra nos inicios da revolución industrial, na que os obreiros destruían as máquinas acusándoas de supoñer a perda de postos de traballo e o empeoramento das condicións laborais. O ludismo foi unha das primeiras manifestacións do movemento obreiro e tivo un carácter espontáneo e pouco organizado. A primeira manifestación de ludismo en España foron os sucesos de Alcoi (destrución de máquinas de fiar en 1821) e, posteriormente, o incendio da fábrica Bonaplata en Barcelona en 1835. En Galicia destacan as protestas das cigarreiras da Coruña que conduciron á destrución da maquinaria da fábrica de tabacos en 1857.

Agrarismo: Movemento reivindicativo de masas do campesinado galego a finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX. Este movemento organizou ao campesiñado galego en asociacións e sindicatos agrarios para lograr a supresión do sistema foral (redención dos foros), loitar contra o caciquismo, solucionar os problemas derivados do minifundismo e promover a renovación técnica do sector agrario galego. Destacaron as organizacións Solidariedade Galega (1907-12) e Acción Galega (1910-15), xunto co máximo líder desta, o crego ourensán Basilio Álvarez. Como consecuencia da mobilización a ditadura de Primo de Rivera promulgou en 1926 o decreto de redención de foros, que permitía aos campesiños converterse en donos da terra que cultivaban tras indemnizar aos propietarios do foro.

Desastre de Annual: Derrota do exército español no ano 1921 durante a Guerra de Marrocos. No transcurso desta guerra o xeneral Silvestre intentou ocupar a rexión do Rif partindo desde Melilla. Os ataques das forzas do xefe rifeño Abd el-Krim derrotaron ás tropas españolas na poboación de Annual e masacráronas na posterior fuxida cara a Melilla. Morreron miles de soldados españois e os rifeños fixéronse co control da zona proclamando a independencia dunha efímera República do Rif. A prensa e o pobo español esixiron responsabilidades. O desastre agudizou a crise da Restauración borbónica e o desprestixio do exército e de Alfonso XIII, a quen se lle atribuíu parte da derrota por ter apoiado supostamente as manobras do xeneral Silvestre.

Expediente Picasso: O *expediente Picasso* é o nome co que se coñece ao informe redactado en 1922 polo xeneral Juan Picasso baseado na investigación realizada sobre o comportamento de oficiais e soldados na derrota de Annual, para determinar as súas responsabilidades. Este informe buscaba esclarecer os feitos que provocaron o desastre e mostraba nas súas conclusións a neglixencia dos militares, a temeraria actuación do xefe das tropas, o xeneral Silvestre, e a implicación de Alfonso XIII no desastre militar. O golpe de estado de Primo de Rivera, días antes de que o informe chegase ás Cortes, paralizou a investigación e a procura de responsabilidades políticas polo Parlamento.

Directorio Militar: Primeiro goberno da ditadura de Primo de Rivera formado, tras o golpe de estado de 1923, unicamente por militares e que durou ata 1925. A Constitución de 1876 e os partidos políticos quedaron suspendidos, os dereitos e liberdades foron restrinxidos, reprimiuse aos nacionalismos periféricos e as publicacións e a prensa foron sometidos a censura. O seu maior éxito foi a finalización da guerra de Marrocos tras o desembarco de Alhucemas de 1925.

Unión Patriótica: Organización cívico-política fundada en 1924 polo ditador Primo de Rivera a modo de partido do réxime. Pretendía agrupar a toda a sociedade como substituta dos partidos políticos tradicionais, aos que consideraba corruptos, e servir de apoio social e de propaganda do réxime ditatorial, pero só participaron nela os grupos conservadores e católicos. O seu lema era "*Patria, relixión e monarquía*" pero, aínda que se identificaba coas dereitas e mantiña certos ideais rexeneracionistas, carecía dun programa e dunha ideoloxía definida. No partido integráronse fundamentalmente aqueles que querían posicionarse dentro do novo réxime como os funcionarios, membros das milicias e dos sindicatos libres e a oligarquía local, polo que acabou incorporando amoitos dos caciques tradicionais. Desapareceu coa propia ditadura en 1931.

Semana Tráxica: Semana de violentas protestas populares que tiveron lugar en Barcelona en xullo de 1909 contra a orde de Maura de enviar tropas da reserva á guerra de Marrocos, tras a derrota do Barranco do Lobo. A maioría dos soldados eran pais de familias obreiras, polo que o seu embarque provocou unha folga xeral que deu paso á insurrección, coa formación de barricadas nas rúas, enfrontamentos coas forzas de orde e a queima de numerosos edificios relixiosos. Saldouse cunha dura represión por parte do goberno, orientada fundamentalmente contra os anarquistas co fusilamento de cinco dos seus líderes, entre eles o pedagogo anarquista Ferrer i Guardia, o que causou un grave escándalo internacional. O Presidente do Goberno, o conservador Antonio Maura, cuestionado por liberais e republicanos, tivo que dimitir.

O tema 11 non ten vocabulario na ABAU

Bienio Negro: Segunda etapa da Segunda República, comprendida entre novembro de 1933 e febreiro de 1936. Foi denominado así (e tamén como *rectificador* e *contrareformista*) polos partidos de esquerda debido ás medidas revisionistas e conservadoras tomadas polos gobernos de dereitas deste período (do Partido Republicano Radical aliado coa CEDA), que paralizaron moitas das leis reformistas do primeiro bienio republicano (lexislación laboral e social, reforma agraria, política relixiosa, etc.) e exerceron unha dura represión sobre os participantes na revolución de outubro de 1934.

CEDA: Siglas da *Confederación Española de Dereitas Autónomas*, unha coalición de partidos conservadores e católicos fundada en 1933 por José María Gil Robles. Definíase como contrarevolucionaria e antimarxista, defensora da relixión, a familia e a propiedade, e esixía a revisión da Constitución de 1931 para adecuala aos principios cristiás. Mobilizou ás masas católicas do país, expresou de modo ambiguo o seu acatamento ao sistema e non se pronunciou sobre a forma de goberno (república ou monarquía). Formou parte do Goberno da Segunda República, en coalición co Partido Radical, entre 1934 e 1935.

FAI: Siglas da *Federación Anarquista Ibérica*, organización heteroxénea de grupos anarquistas partidarios da insurrección revolucionaria xurdida clandestinamente en 1927 durante a ditadura de Primo de Rivera. Buscou controlar, dirixir e orientar ao sindicato da C.N.T. cara a fins anarquistas radicais, defendendo a implantación do comunismo libertario, contra os que buscaban a consolidación dun sindicato forte (anarcosindicalistas). Estaba organizada en pequenos grupos revolucionarios radicais de activistas anarquistas. A F.A.I. logrou impoñerse dentro da C.N.T. durante a II República, chegando a ter numerosos seguidores, cunha postura de "*guerra aberta contra o Estado*" que debilitou ao réxime republicano. Durante a Guerra Civil conseguiu gran poder e era partidaria de compatibilizar a guerra coa revolución.

Fronte Popular: Coalición electoral, aínda que non de goberno, creada en xaneiro de 1936 polos principais partidos obreiros (socialistas e comunistas) e republicanos de

esquerda. Defendían un programa moderado baseado nunha amnistía xeral para os encarcerados polos sucesos de outubro de 1934 e a recuperación da política reformista do primeiro bienio. Tras vencer nas eleccións de febreiro de 1936, serviu de apoio á política reformista desenvolvida polos gobernos formados por republicanos de esquerda encabezados por Azaña e Casares Quiroga.

Pacto de San Sebastián: Acordo ao que chegaron, nunha reunión efectuada en San Sebastián en agosto de 1930, diversas personalidades representativas de partidos republicanos de diferentes tendencias, de partidos catalanistas e representantes do PSOE, polo que se comprometían a dar unha alternativa de goberno á monarquía, sumidano desprestixio tras ter apoiado á Ditadura de Primo de Rivera. Tiñan como obxectivo fundamental establecer unha república democrática, cunha nova constitución e liberdades políticas e relixiosas, e recoñecer a autonomía de Cataluña, Galicia e as provincias vascas. Ademais, formaron un comité revolucionario para coordinar unha sublevación co fin de derrocar á monarquía de Alfonso XIII.

Sanjurjada: Intento fracasado de golpe de Estado contra a Segunda República encabezado polo xeneral Sanjurjo o 10 de agosto de 1932 en Sevilla, que contaba co apoio dalgúns militares, de elementos monárquicos e latifundistas andaluces. O golpe foi controlado polo Goberno e os seus participantes foron detidos e condenados. Como reacción, republicanos e socialistas aproximaron as súas posicións políticas, o que permitiu a aprobación do Estatuto de Autonomía de Cataluña e a Lei de Reforma Agraria, o que intentaban impedir os golpistas.

TEMA 13 A GUERRA CIVIL

Brigadas Internacionais: Unidades militares de voluntarios estranxeiros que participaron na Guerra Civil española apoiando á Segunda República. Estaban formadas por traballadores e intelectuais de ideoloxía progresista, procedentes de máis de 50 países de Europa e América, organizados a través dos partidos de esquerda socialistas e comunistas dos seus respectivos países. Os brigadistas acudiron a España movidos por un sentimento de solidariedade en defensa da causa republicana fronte á ameaza internacional do fascismo. A súa actuación foi destacada na defensa de Madrid e na

batalla de Teruel. Foron retiradas en outubro de 1938 pola presión internacional.

FET das XONS: Siglas de *Falanxe Española Tradicionalista e das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista*, a organización política creada por Franco en 1937 mediante o *Decreto de Unificación* que fusionaba o movemento tradicionalista carlista coas formacións fascistas de Falanxe Española e das XONS (lideradas desde 1934 por Jose Antonio Primo de Rivera). O novo partido, con un programa baseado nos principios da Falanxe, estivo baixo a xefatura suprema de Franco e adoptou o saúdo fascista do brazo en alto, o uniforme de camisa azul dos falanxistas e a boina vermella dos *requetés*³ carlistas. Foi a única formación política autorizada durante o franquismo, sendo coñecida como *Movemento Nacional*.

Lexión Cóndor: Denominación da forza de intervención alemá, fundamentalmente aérea, coa que o *III Reich* de Hitler apoiou ao bando sublevado franquista durante a Guerra Civil española. Foi clave e responsable de numerosos ataques a posicións republicanas e sobre a poboación civil, destacando os bombardeos de Madrid, Guernica e Barcelona.

TEMAS 14 e 15 ESPAÑA NO FRANQUISMO

Sección Feminina: Organización fundada en 1934 como rama feminina da Falanxe Española. Foi dirixida por Pilar Primo de Rivera (irmá de José Antonio). Durante o franquismo monopolizou a educación de mulleres, nenas e mozas coa finalidade de formar amas de casa, subordinadas aos varóns, destinadas a ter fillos e educalos segundo as normas establecidas polo réxime. Para o seu adoutramento creouse en 1937 o Servizo Social, que impoñía a prestación obrigatoria de traballos sociais para todas as mulleres durante seis meses. Tamén desenvolvía programas de Iniciación ao Fogar e Educación Física en escolas e talleres.

Nacional-catolicismo: Ideoloxía que defende que a vida política, social e cultural debe estar sometida ás directrices da Igrexa católica. Foi unha das bases ideolóxicas do réxime franquista, que contou co apoio e aprobación da Igrexa católica. A xerarquía eclesiástica xustificou e aceptou a autoridade de Franco como *Caudillo de España pola graza de Deus*, e a cambio impuxo o seu control sobre a moral, os costumes e a educación.

³ Soldados voluntarios carlistas

Sindicato vertical: Nome co que era coñecida a *Organización Sindical Española* durante o franquismo. Foi creado (a partir do *Fuero del Trabajo* de 1938) tras a promulgación da *Lei de Unidade Sindical* de 1940 que ilegalizaba todos os sindicatos de clase existentes e integraba de forma forzosa a todos os traballadores e empresarios (relación vertical) nun mesmo e único sindicato baixo a supervisión do Ministerio de Trabajo. Durante case corenta anos converteuse no único sindicato legal que estivo autorizado. Nos anos sesenta organizacións clandestinas como Comisiones Obreiras (vinculada ao PCE) ou a Unión Sindical Obreira (de inspiración cristiá) infiltráronse no seu seo, tanto para tentar mellorar as condicións dos traballadores como buscando aproveitar as estruturas doréxime para propiciar a súa caída desde dentro.

Plan de Estabilización: Conxunto de medidas e reformas económicas aprobadas en 1959 propostas por el gobierno franquista, a proposta dos ministros tecnócratas vinculados ao Opus Dei, que tiñan como obxectivo abandonar o modelo autárquicointervencionista e liberalizar a economía española, conectando así co capitalismo occidental. Sentou as bases para iniciar o forte crecemento “*desarrollista*” da década dos anos 60.

Contubernio de Múnic: Nome pexorativo co que o réxime franquista tratou de ridiculizar o *IV Congreso do Movemento Europeo* celebrado en Múnic en 1962. O máximo impulsor da reunión foi Salvador de Madariaga, moi ben relacionado cos dirixentes do movemento europeo e a ela asistiron 118 opositores ao franquismo, tanto do interior de España como do exilio, unidos por un obxectivo común: instaurar en España un sistema político democrático. Elaborouse unha declaración final a favor da democracia en España e de condena do réxime franquista. O réxime reaccionou desatando unha forte campaña de propaganda condenando a reunión e o goberno actuou con dureza contra os participantes españois que non estaban no exilio.

TEMA 16 A TRANSICIÓN Á DEMOCRACIA

Lei para a reforma política: Lei aprobada polas Cortes franquistas que, tras a súa aceptación en *referendo* popular, foi promulgada en 1977 con rango de lei fundamental. Foi o instrumento legal que permitiu o paso da ditadura franquista a un sistema constitucional democrático dende a legalidade vixente (*da lei á lei* decíase) mantendo a

paz social. Esta lei remataba co sistema político establecido no franquismo polo que a súa aprobación nas Cortes foi coñecida popularmente como o *harakiri* (ou *suicidio*) das Cortes franquistas. Establecía que a democracia era a expresión da soberanía popular, que as Cortes serían elixidas por sufraxio universal e regulaba a futura convocatoria das primeiras eleccións xerais desde febreiro de 1936.

Pactos da Moncloa: Denomínanse así os acordos aos que chegaron sindicatos, partidos e organizacións empresariais en outubro de 1977 no palacio da Moncloa, residencia oficial do presidente de Goberno Adolfo Suárez, que foron fundamentais para o desenvolvemento da transición democrática. Os asinantes comprometíanse a traballar a favor da estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflitividade social e a adopción de medidas para superar a crise económica que se viña arrastrando desde 1973. As forzas políticas e sindicais tomaron estes pactos como a oportunidade dun amplo *consenso* (ou acordo) para superar os problemas do país.

Plataxunta: Nome popular da coalición *Coordinación Democrática*, coalición de partidos e organizacións da oposición antifranquista que se creou uns meses despois da morte de Franco para restablecer a democracia en España. Naceu da fusión da *Xunta Democrática*, creada en 1974 polo PCE con Santiago Carrillo á fronte, e da *Plataforma de Convergencia Democrática*, establecida en 1975 e impulsada polo PSOE de Felipe González. No seu manifesto fundacional, en marzo de 1976, reclamaba amnistía, liberdades políticas e o inicio dun período constituínte buscando presionar ao goberno para dar inicio a uns cambios que remataran co sistema franquista, que aún se mantiña.

UCD: Siglas de *Unión de Centro Democrático*, a coalición de partidos fundada e liderada por Adolfo Suárez en 1977 e que aglutinaba ás forzas de centro-dereita (composta por pequenos grupos de demócratas-cristiáns, liberais, socialdemócratas e rexionalistas cunha importante presenza de políticos do *Movimiento Nacional* franquista). Tivo un papel destacado durante a Transición democrática, gañando as eleccións a Cortes constituíntes de 1977 e as xerais de 1979. Mantívose no Goberno ata 1982, primeiro con Adolfo Suárez e despois da dimisión deste con Leopoldo Calvo Sotelo. Disolveuse tras a derrota electoral de 1982.